

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

**Manuel Lorenzo Baleirón**

*Nasín cando as plantas nasen.  
O herbario de Rosalía*

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# Nasín cando as plantas nasen. O herbario de Rosalía

👤 María López-Sánchez,  
M<sup>a</sup> Isabel Fraga Vila e  
Miguel Fraga Vila (fotografía)



📍 A Matanza. Padrón

📖 Fundación Rosalía de Castro

📅 2022

📄 190 pax.

RECENSIÓN

**Manuel Lorenzo Baleirón**

Durante a época medieval foron frecuentes nos *scriptorium* monacais as ilustracións fabulosas dos bestiarios, pero tamén as coleccións de plantas, realizadas a partir da *Historia naturalis* de Plinio e sobre todo da obra *De materia medica* de Dioscórides, un médico grego que recorreu o sur de Europa no século I da nosa era seguindo as leccións do emperador Nerón. Sen embargo, o máis antigo “xardín botánico” do que temos noticia non se establece ata mediados do século XVI na cidade de Pisa. O seu autor, Luca Ghini, é tamén o creador do primeiro herbario que coñecemos ó descubrir que o prensado de plantas entre pregos de papel reduce a humidade e preserva as súas características. Nacen así os chamados “hortus siccus”, xardíns secos, que permiten un estudo máis pormenorizado do reino vexetal.

No Renacemento aumenta o interese polo estudo da natureza. Algunhas obras dese período son excepcionais polo detalle que se alcanza na súa execución, coma a *Grande mata de herba* de Durero de 1503, ou o coñecido cadro *A Primavera de Botticelli* (1478) onde se representan arredor de cincocentas plantas. Máis de tres ducias delas aparecen plasmadas con tanta minuciosidade que son doadamente identificables.

Se compuxésemos un gran lenzo con toda a obra literaria de Rosalía de Castro poderíamos atopar medio milleiro de citas de plantas, das que 76 son referencias a especies concretas.

Estes e outros datos podedes atopalos en *O herbario de Rosalía (Nasín cando as plantas nasen)* elaborado por María López Sánchez e M<sup>a</sup> Isabel Fraga Vila,

con fotografías de Miguel Fraga Vila. A coitada edición é obra Lois Rodríguez, editor da Fundación Rosalía de Castro.

O rigoroso traballo das autoras, un herbario literario e poético da nosa escritora fundacional, como elas mesmas o cualifican, organízase en diferentes capítulos nos que se van presentando as fotografías, precedidas en cada caso dun texto que xustifica esas escollas e que nos achega ademais interesantes reflexións.

Cito textualmente un fragmento da introdución onde se explica como se desenvolveu o proceso: “A recollida de plantas que conforman o herbario levouse a cabo ao longo dun ciclo anual. Así, tras a elaboración da base de datos e tendo en conta a importancia relativa de cada especie e os grupos máis significativos, recóllense as plantas, procedendo ao seu prensado, preparación de pregos e montaxe nas cartolinas con cadansúa etiqueta identificativa. Cada cartolina, co seu correspondente exemplar fixado e a súa etiqueta, gardouse protexida en “camisa” de papel e almacenouse en caixas de cartón”

Foi a partir do Romanticismo, como se explica nos textos do herbario, cando “se consolidou a creación cultural da paisaxe” e se produciron “unha serie de importantes cambios estéticos que constituíron unha auténtica revolución na consideración cultural da natureza”. De todas as maneiras, entre nós, non será ata xa avanzada a segunda metade do século XIX cando se empezou a abandonar os ideais románticos mostrando verdadeiro interese pola paisaxe en si mesma. No tocante á pintura, por exemplo, na busca

dese naturalismo que demanda a nacente burguesía (aquí moi feble aínda), os pintores saen por primeira vez coas paletas ó campo. Unha posición moi semellante, que non podemos desenvolver aquí, é perceptible en Rosalía. O caso do seu fillo Ovidio, que pintou brañas, ribeiras verdes e árbores do monte, é un exemplo serodio da chegada desas tendencias a Galicia.

En realidade, polo que atinxe á ciencia da botánica e ó que ten que ver co herbario que nos ocupa, víñase de dar un paso de xigante no século anterior grazas á obra *Sistema Naturae de Linneo* (1707-1778), onde quedaron sentadas as bases da taxonomía e da nomenclatura tal como hoxe as entendemos. O chamado “príncipe dos botánicos”, luterano, home de fortes crenzas relixiosas, tratou de ordenar e pórllle nome a cada unha das especies animais e vexetais que conformaban para el a inmensa obra de Deus.

Sen dúbida a máis nomeada de todas as flores na obra de Rosalía é a rosa, con case cento cincuenta rexistros. María López Sández e M<sup>a</sup> Isabel Fraga dedícanlle o primeiro dos apartados do herbario e van debullando as referencias máis recoñecidas da literatura occidental: a aurora de “dedos de rosa” de Homero, o tópico clásico “collige, virgo, rosas”, o *Roman de la Rose* medieval, os versos de Petrarca, Garcilaso, Quevedo, os sonetos de Shakespeare... Sabemos que, familiarmente, Murguía lle chamaba Rosa á escritora, pero ademais de aparecer como antropónimo e como suxeito lírico nos seus poemas, recóllense tamén neste traballo, como era de esperar, un importante número de citas relacionadas especificamente coa planta. Quedámonos con dúas que exemplifican

os extremos entre os que se move o pensamento rosaliano, o verso dramático e descarnado da rapaza que manifesta o desexo de ser rosa “porque non ten fame as rosas”, e este outro fragmento de *La hija del mar*: “semejando rosas orientales sobre una alfombra de zafiro”, que nos trae ecos dos “campos de zafiro” das *Soledades* de Góngora e do “dolce color d’oriental zafiro” do Canto I do Purgatorio da *Commedia*. Sabemos que Rosalía foi muller de amplas lecturas e ben seguro que coñeceu eses textos. Pero esa é outra historia. Non podía saber, sen embargo, a nosa escritora, da rosa sen porqué de Angelus Silesius ou da rosa de Rilke: “contradición pura, deleite de non ser soño de ninguén baixo de tantas pálpebras”.

No capítulo titulado “Herbas do campo florido” reúnense 41 pregos de flores e plantas silvestres. As fotografías do libro presentan unha gran nitidez e unha disposición moi elaborada. En ocasións aparecen coas raíces para facilitar a identificación. Unhas poucas especies son citadas por Rosalía (a ortiga, a parietaria, o espriego, as violetas...), aínda que neste caso a maior parte delas non figuran explicitamente e foron seleccionadas polas autoras do traballo. Quizais á planta denominada “Ollo de boi” (*Coleostephus myconis*), unha variedade de crisantemo amarelo que inza os nosos campos, Rosalía lle chamase “pampillos” como se denominan aínda hoxe en toda a Terra de Iria. Unha raíña española confundiuos con inmensos campos de azafrán. quen nolos dera. É probable tamén que ós “Pés de boi” (*Oenanthe crocata*), planta velenosa, mortal, da familia da cicuta, abundantísima nas ribeiras do Sar e do Ulla, lles chamase “brisos” porque se

nomean así nesta comarca desde tempo inmemorial. A riqueza léxica do galego neste campo, coma en tantos outros, é desbordante.

O texto que precede as plantas deste grupo, o das flores e herbas ventureiras das praderías e dos campos, símbolos da fragilidade da vida e da fugacidade do instante, demórase nesas e noutras consideracións frecuentes na obra rosaliana, sempre múltiple en suxestións e significados. Deste lado luminoso do espello, o *locus amoenus*: “Cantas frores silvestres nos valados”, “Xogaba o vento coas herbas / pobradas de margaridas”... Na penumbra do reverso, a inminencia obstinada da morte: “Que os anos pasaron, / as frores murcharon, / os negros cabelos / en brancos tornaron”, ou “a negra fondura” das “herbas marinas” no poema das Torres de Oeste.

Para a elaboración da sección nomeada “Herbiñas do camposanto” as dúas autoras recolleron as plantas no cemiterio de Adina, lugar central na xeografía rosaliana. Celidónias, cimbararias e couselos medran aínda nos muros entre os que a poeta estivo sepulta durante case seis anos, de 1885 a 1891. Cando se procedeu á exhumación do cadáver para trasladalo a Compostela seica tiña entre as mans o ramallo de pensamentos co que fora enterrada. Coma a Ophelia de John Everett Millais, a quen se fai referencia no texto.

No apartado das árbores sobresa o carballo polo número de citas e pola entidade que a escritora lle outorga en diferentes pasaxes converténdoo, como afirman as autoras do libro, en “símbolo sagrado”. O poema “Los robles” “anticipa

a preocupación pola destrución das nosas fragas”. Rosalía compara os seus cantares co rumor confuso que “sai das profundas carballeiras ó comezar o día”. Completan os pregos desta serie árbores autóctonas coma o ameneiro (“brandea o norte as ponlas / xentís dos ameneiros”) ou o salgueiro (ó par da brisa temprada / que antre os salgueiros corría”), entre outras, ademais de varias especies foráneas.

No derradeiro dos apartados do Herbario titulado “Varia” figuran as oliveiras escuras da Adina, “buxos que xa contan sigros”, “limoeiros e laranxos / que o verde musgo sombrean”... Sorprende a ausencia do freixo, árbore relativamente común nas paraxes onde viviu Rosalía, e a do bidueiro, menos frecuente na Galicia occidental, ou a do érbedo da Durmida de Lestrobe, debaixo do que seica escribía. Contounos hai anos a propietaria da casa que cando secou a árbore centenaria como consecuencia dun incendio, seu pai mandou abrir unha gran gabia para soterrar o vello toro chamuscado, coma se dunha persoa se tratase.

Si que aparecen na obra rosaliana, malia que non se recollan no traballo, o codeso (“e cuns codesos tapándolle / o triste coiro desnudo”), e as manufacturas do liño (“Tal como a neve, albeas, / as roupas i as marañas”), así como a propia propia planta: “los caminos reales que blanquean entre el verde del lino de aquellas praderas” (Ruínas).

Pero reúne aínda ese capítulo final, antes dunha “Coda” de remate, moitas outras, cada unha coa súa cita perfectamente escolleita: o loureiro e o romeu, a xesta, o toxo, as silveiras, hedras, espiños,

margaridas, sabugo de frores brancas, que cura todo mal, lirios do campo de Cornes, queirugas, que nós chamamos carrouchas, aínda que a escritora as cita en castelán: “la fuente que murmura oculta entre los brezos”...

Desgraciadamente Rosalía non puido ter acceso á *Flora Descriptiva e Ilustrada de Galicia* de Baltasar Merino que se publicaría en tres volumes en 1905. Non sabemos se chegou a elaborar algunha vez o seu herbario, como fixo Emily Dickinson (1846), contemporánea súa, rebelde e sensitiva coma ela. Benvida esta coidada publicación de María López Sández e M<sup>a</sup> Isabel Fraga que nolo achega agora e nos permite afondar no coñecemento da nosa escritora universal.

Se alguén puidese representar nunha escultura a rosa de cen follas, había de ser algún dos nosos grandes artistas do barroco. Tallaron con tanta precisión os acios e as follas das vides nos ouros dos retablos que se poden identificar sen dúbida ningunha as súas castes: o brancellao, a dona branca e o loureiro, a uva albariña, que Rosalía deixou pintada no herbario dos seus versos e que recollen as autoras do libro: “¡Ouh miña parra de albariñas uvas, / que a túa sombra me das!”

Publicamos este sexto número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

# Arteixo



A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO